



## NOTA DE PRENSA

# GALICIA FÓRUM GASTRONÓMICO VOLVE DO 7 AO 9 DE ABRIL Á CORUÑA

*Aberto o período de comercialización da cita imprescindible do sector 'foodservice'*

*O eixo temático desta edición será a despensa do Atlántico*

**A Coruña, 12 de setembro de 2023.** Galicia Fórum Gastronómico 2024 volverá converterse os días 7, 8 e 9 de abril no punto de encontro de todos os profesionais da gastronomía e potenciará unha vez máis os produtos e a cociña galega, contribuíndo así á súa promoción.

Así mesmo, seguirá apostando por un gran espazo feiral no que participarán as mellores empresas do sector *foodservice*. O período de comercialización xa está aberto para que todos aqueles que desexen gañar visibilidade, captar novos clientes ou acelerar o seu proceso de vendas, poidan reservar a súa caseta.

Cabe destacar que nesta próxima edición levarán a cabo misións comerciais inversas nas que os expositores participantes poderán acceder a reunións comerciais para poder posicionar o seu produto e atraer aos compradores que visiten o recinto feiral. Ademais, como sempre, o evento contará cun excelente programa de actividades no que se poderán ver en directo nos diferentes espazos, como o Auditorio ou os Talleres, aos cociñeiros e cociñeiras máis prestixiosos do panorama actual xunto a futuras promesas da cociña.

O tema central será **a despensa do Atlántico**, que estará presente tanto na feira como nas numerosas actividades que levarán a cabo. E é que a cociña galega fai gala dunha das despensas máis ricas e diversas do arco atlántico e é por iso que a organización decidiu outorgarlle o protagonismo que merece.



**EXPOCORUÑA #GASTROXPLOSIÓN!**  
**[www.galiciaforumgastronomico.com](http://www.galiciaforumgastronomico.com)**



Galicia Fórum Gastronómico traballará para que a edición de 2024 volva ser un éxito rotundo, xere negocio para as empresas participantes e siga contribuíndo a posicionar Galicia e A Coruña como destinos gastronómicos de primeiro nivel. A pasada edición de 2022 recibiu 22.000 visitantes ao longo das tres xornadas, nas que participaron 65 relatores e contou con máis de 200 expositores.

Para máis información:

**Nati Palomo**  
660 59 31 22  
[nati.palomo@galiciaforumgastronomico.com](mailto:nati.palomo@galiciaforumgastronomico.com)

**Ana Iglesias**  
609 27 23 46  
[ana.iglesias@galiciaforumgastronomico.com](mailto:ana.iglesias@galiciaforumgastronomico.com)



**EXPOCORUÑA #GASTROXPLOSIÓN!**  
[www.galiciaforumgastronomico.com](http://www.galiciaforumgastronomico.com)